

Esta asociación cultural e recreativa consegue que veña xente de tódalas partes

A Cofradía de San Pipote pon en festa a Bardaos

Bardaos e unha das parroquias de San Sadurniño e ten na Asociación Cofradía de San Pipote uns dos grandes impulsores da zona. En agosto co Cabrito ó espeto e o día do patrón en setembro co San Pipote, xuntan a milleiros de persoas que ven nesta pequena parroquia un lugar de lecer e diversión.

A Asociación foi creada nos comezos por xente nova para buscar un alicerce para a mocidade da parroquia pero na actualidade xa é para todas as veciñas e veciños. Grazas a eles e ao seu espírito festeiro Bardaos xa é un referente no verán.

Carlos, Pablo, e o actual presidente, Alberto contan como no ano 1995 un grupo de mozos decidiron recuperar a festa do patrón, "estábamos todos de acordo en recuperar a festa, a

"Bardaos.org é a páxina web na que todos poden atopar información da Cofradía e das actividades, descargar fotos das festas, coñecer a parroquia, mapas, puntos de interese, foro de visitas e todo o que fan".

xente de aquí apoia moito o patrón pero viamos que cada vez viña menos xente á festa. Saleu a figura do San Pipote e decidimos crear a "Cofradía do San Pipote". Tivemos problemas para legalizar o nome así que lle engadimos o de asociación cultural e recreativa".

O San Pipote é un barril de calimocho que se reparte entre os asistentes a modo de santo. "Realmente foi unha excusa para facer unha festa e ter un reclamo propio de Bardaos. Así habería algo que non tiveran noutro sitio. Por exemplo, Somozas ten os concertos pero aquí...como verás...a xente pórtase ben pero non tanto, ou toca a primitiva..."

Ao principio eran un grupo de seis amigos da mesma idade: Anto-

nio, Amaro, Alberto, Pablo Carlos e Charly, "estábamos por aquí toda a semana e coma na tele non daban nada...organizamos isto."

O resto da xente, as chicas, viñan o fin de semana, esta parroquia é moito de vir a fin de semana".

Pero logo xuntábase un grupo de máis de quince, da mesma idade que saían sempre xuntos, "necesitábamos un sitio para xuntarnos e deixáronos este local que lá ser unha cooperativa que nunca funcionou, esta é a nosa sede episcopal".

"Empezamos limpando porque había un zoolóxico, había de todo. Como facía de almacén apareceron fornos, ferramentas agrícolas incluso material de fiandeiras da zona que cardaban a lá aquí. Durante un tempo compartimos local. É unha cesión do concello, e nos mantémolo".

Socios

Dende o ano 2000 están legalmente constituídos como asociación e contan con preto de trescentos corenta socios.

Segue habendo moita xente nova pero agora hai máis xente maior, "comezamos sendo trinta socios así que non está nada mal, é curioso porque é a xente maior a que máis se interesa por saber cando imos facer algo".

A meirande parte dos socios son xente que vive noutros concellos pero que volta a Bardaos nas fins de semana.

Non teñen por costume reunirse en datas fixas, "todo é sobre a marcha, na época de verán que ven máis xente somos máis e xuntámonos máis tamén".

Bardaos.org é a páxina web na que todos poden atopar información da Cofradía e das actividades, descargar fotos das festas, coñecer a parroquia, mapas, puntos de interese, foro de visitas e todo o que fan.

Obxectivos

Carlos destaca que os obxectivos co que naceron xa están cumpridos, rescatar a festa do patrón, "fixémolo, facémola na fin de semana máis preto do oitavo de setembro, de trinta persoas hoxe somos centos delas, así que o obxectivo está máis que cumprido. Agora só esperamos que cada día sexa mellor e facer máis actividades".

Entre os obxectivos de cara ao futuro insisten en mellorar e facer algo novo cada ano, "agora queremos recuperar o Antroido, antes tiñamos máis tempo e faciamos disfraces espectaculares como barcos de vela ou unha furgoneta que andaba de verdade feita con anacos de aquí e de acolá, sempre tivemos moito humor e logo saíamos por aí todos xuntos..."


Festas e actividades

Organizan diferentes festas ao longo do ano coincidindo co Antroido, Letras Galegas, ou San Xoán, "a todos colaboran, todos os veciños axudan no que poden. Un ano fixemos tamén unha exposición de fotos antigas e fomos casa por casa pedíndoas".

A Festa do Cabrito ao Espeto que xa vai pola VIII edición é outra das actividades estrela da cofradía, "a idea xurdiu falando cun paisano que viviu en Venezuela onde hai moita costume de facelo. De feito, ben axudáronos todos os anos de forma desinteresada".

Otras actividades son ximnasia de mantemento, debuxo e restauración, informática e proximamente un curso de conservación de alimentos.

Outra das ideas que están a barallar é a de crear unha Escola de Música Tradicional impartida por un gaitero da zona para ensinar aos máis novos e aos que queiran aprender, "que sempre se está a tempo a tocar a gaita, o bombo e o tambor".



A festa de agosto na que se cocinou o xa famoso cabrito no espeto de Bardaos.



Olimpiadas parroquiais, na inaxe sky sobre troncos.

Festa de San Pipote, o punto forte

Todos os anos colaboran coa Comisión de festas do patrón pero a Festa do San Pipote é o prato forte. A festa comeza o xoves co pregón do "santo".

O venres hai fútbol de solteir@s contra casad@s e á noite é a "Arrincadeira" na que convidan a unha copa aos simpaticizantes na sede episcopal, alí deixan "a vontade". Sempre contan con algunha actuación musical para amenizar a festa.

Olimpiadas parroquiais

O sábado pola tarde organizan as Olimpiadas parroquiais, unha serie de probas diferentes "que non as hai noutros sitios" como poden ser: tiro da corda dun lado a outro do río, carreiras de sacos todos metidos nun mesmo saco, loita de gladiadores nunha piscina de auga, carretillas humanas, carreiras de esquís de

paus...

O San Pipote

É no sábado á noite, á unha da mañá, sae o San Pipote en procesión, escoltado polo cura coa bendición do monaguillo e levado a ombros polos fieis vestidos coa saia de Bardaos, boina galega e a camiseta da festa. Chegan a vender ata 700 camisetas.

"A xente maior non protesta porque ven que todo é unha festa e que estamos de broma, en ningún momento queremos ofender á Igrexa".

Dun pipote de trinta litros pasaron a outro de douscentos, e agora hai outro Pipote das mulleres e outro para os nenos que vai cheo de refresco. Pais e fillos disfrutan e participan na mesma festa.

A troula non remata nunca antes das sete ou oito da mañá.



Levando ao Santo co traxe típico do día.

